

Bo día,

Este escrito, vai dirixido ao equipo directivo e docente e ao persoal non docente do IES Marco do Camballón, así como a todxs os representantes do Consello Escolar.

Como titular da concesión da cafetería do noso centro, vénome na obriga, de tomar unha decisión, condicionada pola total desprotección da consellería cara ao noso servizo.

A cafetería sae a concurso para os vindeiros 4 cursos, e a subida de prezos que nos propoñen nos pregos é de un 8%, aínda que na práctica, quede reducida a un 5%. Polo tanto os prezos de obrigado suministro, é dicir, os que están intervidos pola consellería, vanse incrementar en 5 céntimos. Como todxs sabedes, a escalada de prezos dos últimos tempos, déixame nun lugar moi vulnerable, reducindo a sostibilidade de poder permanecer aberto o meu negocio, dado que este traballo é estacional e hai que afrontar todo tipo de gastos (canon, seguros, custes de produción e mercancía, luz, auga, avarías, impostos, etc.)

Polo tanto, como dixen anteriormente vénome na obriga de, no caso de que o IPC, chegue a subir un 8 ou un 9% novamente, de repercutir esa subida nos prezos dos artigos que NON están intervidos pola consellería, para poder continuar cas portas abertas dando servizo a toda a comunidade educativa.

Esta decisión, non é fácil para min, xa que baixar a calidade do servizo é unha opción, pola que, persoalmente, non paso, pero tampouco podo manter o servizo aberto, se isto me supón perdas económicas, non é a miña intención perxudicar a economía das familias, xa que sería perxudicar a miña propia.

Levo unida ao Camballón toda a vida, anos de estudiante e posteriormente, 14 anos como traballadora ao servizo da comunidade educativa, por iso a decisión de continuar á fronte da cafetería, é algo de suma importancia para min, xa que é moito más ca un traballo, hai un sentimento de cariño e apego a alumnxs e persoal docente e non docente, que se convertiron en amigos, en familia...A pequena gran familia do Camballón e da cal me sinto moi orgullosa de pertencer.

Convídovos a todxs á reflexión e a que comprendades, que para que este negocio sexa sostible, ás veces, hai que tomar decisións, que aínda que non nos gusten deben ser tomadas. Tamén vos invito a que pensedes na importancia que ten para vós que o servizo de cafetería teña continuidade no tempo.

Grazas de antemán, pola vosa comprensión.

Atentamente, Patricia Cea Casal.